

Comunicado da CTNL en relación coa supresións do servizo de normalización lingüística na Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol

A Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), entidade asociativa composta por técnicos e técnicas de normalización lingüística e persoas interesadas no proceso de normalización da lingua galega, coñecedora da recente supresión do servizo de normalización da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, manifesta o seguinte:

- 1) En xaneiro de 2021 a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol convocou un proceso selectivo para dotarse dun/dunha **técnico/a de normalización lingüística**. A contratación, en réxime de interinidade, estaba prevista até o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de prórroga por un prazo máximo de catro anos.
- 2) En novembro de 2022 a CTNL felicitou a Mancomunidade por dotar os concellos de Ares, Cabanas, Mugar dos, Neda e Valdoviño deste servizo compartido e solicitou que se prorrogase a contratación para continuar a **planificar, xestionar, executar e avaliar accións e programas de normalización lingüística**, prórroga que se acordou en decembro de 2022 para contar con servizo de normalización lingüística durante o ano 2023.
- 3) Esta contratación beneficiouse ata 2022 dunha subvención da Deputación da Coruña para a creación, o mantemento e o reforzo de servizos de normalización lingüística na provincia, convocatoria que en 2023 incluíu o requisito da acreditación do carácter estrutural do posto de traballo subvencionado.
- 4) Este novo requisito provocou a perda da axuda solicitada pola Mancomunidade, que acordou suprimir o servizo de normalización lingüística a finais de xullo, sen esperar á finalización do ano 2023.

5) **A CTNL lamenta a supresión deste servizo** de forma inesperada, sen agardar a que se completasen algúns dos proxectos xa iniciados, entre eles a celebración do Día do Orgullo Neofalante con colaboración dos centros de ensino e actividades para todos os públicos, o programa Bebegale dirixido a familias e crianzas, Deporte e lingua, Maios e lingua, seguimento das ordenanzas, compilación de recursos en liña para a mellora da calidade lingüística, etc.

6) A comarca de Ferrol, formada por once concellos de diferente tamaño e poboación, logo da supresión deste departamento, conta unicamente con tres servizos de normalización lingüística: Ferrol (a tempo parcial), Narón e Fene.

7) As entidades locais de Galicia teñen entre as súas competencias a normalización lingüística, é dicir, a promoción do uso e do prestixio da lingua galega en todos os seus ámbitos de influencia, e os servizos de normalización lingüística son os departamentos técnicos especializados necesarios para que as entidades locais poidan exercer de forma eficaz as súas competencias en normalización lingüística.

8) Os concellos de Ares, Cabanas, Mugaros, Neda e Valdoviño aprobaron nos últimos anos cadansúa **ordenanza ou regulamento de uso social da lingua galega**, textos legais mediante os cales se concreta a responsabilidade de cada institución no fomento do uso e do prestixio do galego no ámbito municipal.

9) Agardamos que esta supresión non sexa definitiva e que se poida recuperar un departamento necesario para pór en marcha programas dirixidos desenvolver esta responsabilidade na comarca e, en especial, nos cinco concellos citados.

Pontevedra, outubro de 2023